

QUERO ANDAR SEN RODIÑAS!

Texto e ilustracións de TOBIAS GIACOMAZZI

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22 x 26 cm. 32 páx. 16 €

Quero andar sen rodiñas! (galego)

ISBN 978-84-1343-347-9. Álbum ilustrado. Demademora.

¡Quiero ir sin ruedines! (castelán)

ISBN 978-84-1343-348-6. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Vull anar sense rodetes! (català)

ISBN 978-84-10387-06-5. Álbum ilustrat. Obres d'autor/a.

Gurpiltxorik gabe ibili nahi dut! (euskara)

ISBN 978-84-9172-413-1. Album irudidunak. Egile lanak.

Eu quero andar sem rodinhas! (português)

ISBN 978-989-749-195-5. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Voglio andare senza rotelle! (italiano)

ISBN 978-84-1343-345-5. Albo illustrato. Gli albi di autore.

–Eu quero andar na bici sen rodiñas! –dixo Rino fungando–.

Como fai o señor Renato, que é quen de ir en bicicleta

mesmo co xornal debaixo do brazo. Eu quero andar sen rodiñas!

A importancia da vontade e da resiliencia nunha divertida historia arredor do proceso de crecemento e de aprendizaxe.

Esta obra, finalista do XVII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, comeza coa reivindicación dunha pequena ra pesarosa que expresa o seu afán por desprenderse das rodiñas da súa bicicleta. Rino aspira a ter a destreza dos seus veciños adultos, capaces de pedalear mentres levan o xornal debaixo do brazo, transportan a cesta da compra, reparten o correo, ou ata fan acrobacias sobre un monociclo.

Sen embargo, o seu primeiro paseo sen rodas de apoio remata en pranto e frustración, momento no que aqueles aos que pretendía imitar solidarízanse con el dun xeito sorprendente.

«Quero andar sen rodiñas!» é a historia de moitos nenos e nenas que, como o entrañable e inqueda protagonista deste relato, Soña con medrar rápido e facer cousas propias dos maiores. O tropezo nas súas expectativas ensinaralle o valor da solidariedade e da empatía, da constancia e da resiliencia.

Tobias Giacomazzi presenta unha obra cuxos personaxes son animais humanizados moi diversos: vaca, can, pomba mensaxeira, saltón... Á sinxeleza do texto, que destaca pola repetición da frase que lle dá título ao libro, engádense unhas ilustracións a dobre páxina que combinan os retratos e as escenas urbanas que permiten gozar dos detalles e dos acenos de humor: a cegoña que atravesa co peteiro o xornal que vai lendo pola rúa; as cartas que, arrastradas polo aire, crávanse nas pugas do ourizo; o rato que se agocha do gato cuxa cola está prendida nunha trampa... Xunto coa expresividade dos personaxes e un tratamento cromático a base de tonalidades pastel, o autor amosa o seu dominio das perspectivas e dos planos de encadre.



■ **Temática:** o crecemento e a aprendizaxe.

■ **Idade recomendada:** dende 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** crecemento persoal, autonomía, relacións humanas; cidade, sociedade; emocións, sentimentos; solidariedade, colaboración, empatía, resiliencia; xogos, bicicleta, sostibilidade; humor.

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/quiero-andar-sen-rodi-as-gal_tobias_giacomazzi

Tobias Giacomazzi

(Castelfranco Veneto, 1997)

Ilustrador e músico. Estudou na Facultade de Belas Artes de Macerata, especializándose en cómic e ilustración. Ampliou a súa formación cun master en ilustración e obradoiros sobre edición infantil e escrita creativa. Traballou durante dous anos como libreiro, o que lle permitiu coñecer a fondo o catálogo de numerosas editoriais. Tamén desenvolveu unha faceta musical como intérprete, compositor e cantante do grupo de folk-rock "I Brema", co que actúa por toda Italia. Paralelamente, ten participado como actor en varias producións audiovisuais. «Quero andar sen rodiñas!» é o seu primeiro libro.

<https://www.instagram.com/tobiasgiacomazzi/>

